

INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: *SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE MANTEMENTO DO HARDWARE E SOFTWARE DA SOLUCIÓN DE VIRTUALIZACIÓN DO CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS DO PARLAMENTO DE GALICIA*

Valor estimado de licitación do contrato: 73.000€ (subministro hardware: 37.600€, subministro software 30.000€, mantemento virtualización:5.400€)

Duración: 4 anos

Datos do expediente:

- Procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada
- Tramitación ordinaria
- Varios criterios de adxudicación

Análise da proposta

Recíbese a proposta de adxudicación formulada polo Mesa de Contratación, e asinada polo secretario desta, o Xefe de servizo de Persoal e Réxime interior.

Examinado o expediente e o seu iter procedimental:

- ✓ Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- ✓ Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- ✓ Presentáronse varios licitadores: Taisa, S.AU, Asac Comunicaciones S.L. e Acuntia, S.A.
- ✓ Que visto que os licitadores cumprían os requisitos esixidos e as súas proposicións axustábanse aos pregos, unha vez ponderados os criterios que debían aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario así como a clasificación destes, requiriuse pola mesa de contratación ao licitador coa oferta económica mais vantaxosa para aportar a documentación precisa para a adxudicación, concretamente: Asac Comunicaciones S.L.

A oferta económica deste licitador é de 47.500€ máis iva que suman 57.475€ (subministro hardware: 23.700€ máis iva, subministro software 20.000€ máis iva, mantemento: 3.800€ máis iva)
- ✓ A Mesa de contratación examinou a documentación presentada polo indicado licitador, incluída a garantía do 5% do valor estimado e abono dos anuncios, estimándose correcta.

Examinada a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación á Mesa do Parlamento a favor de Asac Comunicaciones S.L., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarase nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2016

A interventora